TOTAL	195.786.658	100,00%	422.372.551	100,00%	2,16



■ Comparativa de pesca fresca por zonas de producción no 2009 e 2008 ■

	2009		2008		Diferenza 2009-2008		% Diferenza 2009-2008	
	kg	€	kg	€	kg	€	kg	€
Zona I - Vigo	41.109.787	117.820.140	37.701.536	122.347.743	3.408.250	-4.527.603	9,04%	-3,70%
Zona II - Pontevedra	5.213.388	15.012.151	6.291.697	15.531.075	-1.078.309	-518.924	-17,14%	-3,34%
Zona III - Arousa	45.464.122	84.390.865	39.104.681	90.630.424	6.359.441	-6.239.559	16,26%	-6,88%
Zona IV - Muros	10.834.769	17.406.801	15.304.191	23.054.452	-4.469.423	-5.647.651	-29,20%	-24,50%
Zona V - Fisterra	820.472	3.338.346	892.620	3.948.138	-72.148	-609.791	-8,08%	-15,45%
Zona VI - Costa da Morte	4.790.572	9.205.792	4.462.092	9.308.132	328.480	-102.340	7,36%	-1,10%
Zona VII - Coruña-Ferrol	38.935.266	78.587.148	29.011.707	86.167.430	9.923.559	-7.580.282	34,21%	-8,80%
Zona VIII - Cedeira	2.208.021	7.442.778	2.436.645	9.267.231	-228.624	-1.824.453	-9,38%	-19,69%
Zona IX - Mariña	46.410.262	89.168.530	38.363.559	91.068.385	8.046.703	-1.899.855	20,97%	-2,09%
TOTAL	195.786.658	422.372.551	173.568.730	451.323.010	22.217.929	-28.950.459	12,80%	-6,41%



ESPECIES

Como en edicións anteriores, dedícase un capítulo á análise das vinte especies máis representativas tanto en cantidades como en importes.

Na prelación por cantidades hai moi poucas variacións, sae da listaxe o grupo das raias e o polbo cabezón, que son substituídos polo coreano e o sanmartiño; destaca que durante este ano a sardiña tivo un descenso importante, o que provoca un desprazamento de posto, mais a súa revalorización en prezo medio orixina unha substancial mellora na facturación. No que respecta á prelación por importes, as variacións que aparecen son en canto ao posto na relación; deste xeito 13 das principais especies son peixes, catro son bivalvos, dous son crustáceos e un é cefalópodo.

As especies de peixes peláxicos son as que presentan os prezos medios anuais máis baixos, en tanto que crustáceos e bivalvos son os que presentan os mellores prezos medios. Xa se vén comentando que a caída dos prezos medios é xeneralizada, de aí que todas as especies destas relación non poida escapar desta situación e, agás algunha situación excepcional, na maioría dos casos hai caída dos prezos medios anuais.

Peixes

A pescada (HKE) segue un ano máis a incrementar as cantidades vendidas, que se reparten entre frota do seguinte xeito: 29,36% na frota que faena en augas comunitarias; 27,08% na frota de arrastre do caladoiro nacional (arrastre de litoral); 16,55% de buques con pavillón comunitario non español; 11,02% de buques de pavillón español non galego; 7,16% da frota de enmalle que faena no caladoiro nacional e 5,47% da frota de artes menores. As principais lonxas nas que se vende pescada son, por esta orde, a lonxa do porto da Coruña, Celeiro, Burela e Ribeira.

No que respecta ao apartado económico, a venda de pescada non alcanzou niveis doutros anos, xerando un dez millóns de euros menos que no ano 2008.

O xurelo (HOM) tamén presenta unha liña ascendente nas cantidades vendidas desde hai catro anos. Este ascenso non se ve acompañado pola constancia nos prezos, que oscilan non contorno dos 0,80€/quilo. A maior actividade de pesca desta especie concéntrase entre os meses de maio e outubro onde se acumulan as dúas terceiras partes das cantidades totais; pola contra, os mellores prezos alcanzáronse no primeiro trimestre e nos dous últimos meses do ano datas nas que se superou un euro por quilo. As cantidades acumuladas en 2009 repártense entre a frota de arrastre do litoral e cerco que achegan o 92,51% do total vendido nas lonxas galegas; entre estas últimas, as que concentran máis vendas son, por esta orde, a lonxa do porto da Coruña, Ribeira, Burela e Celeiro.

En canto á facturación, foi mellor que no ano anterior, mais os prezo medio anual situouse por debaixo do prezo medio do ano 2008.

A xarda (MAC) estivo durante o 2009 sometida a unha veda por esgotamento do TAC correspondente a España para esta especie; este feito representou unha seria dificultade para as embarcacións dedicadas á súa captura. Aínda así, o ano 2009 presentou un incremento de máis de oito mil toneladas; este incremento da oferta causou unha importante incidencia no prezo medio, que descendeu en 0,14€/quilo, unha baixada moi significativa dado o seu prezo medio por debaixo do euro. A frota de arrastre do litoral con máis de dezasete mil toneladas e a frota de cerco con preto de tres mil toneladas achegan ás lonxas 82,81% das cantidades vendidas.

Lirio (WHB), esta especie tamén aumentou a súa presenza nas lonxas, posto que se achegou á primeira venda un terzo máis que no ano anterior. Este aumento non se recolleu en ingresos e na caída do seu prezo medio anual. A frota de arrastre de litoral con dezaseis mil toneladas captura a case totalidade do lirio que se comercializa en lonxa. As lonxas de Ribeira, A Coruña e Celeiro concentran a maior parte destas vendas.

Xarda pintada (MAS), tamén coñecida como estornioño, foi unha especie alternativa para as frots dedicadas á captura da xarda, de aí que se incrementaran as súas vendas nas lonxas ata alcanzar un aumento de case o sesenta por cen sobre as do ano anterior, e os ingresos tamén aumentaron de xeito substancial. Os portos onde se realizaron a maioría das vendas desta especie son Ribeira, Portosín, Vigo e A Coruña.

Sardiña (PIL), esta especie tivo un comportamento de explotación do recurso e rendemento económico modélico, xa que mentres diminuíron de xeito apreciable as cantidades vendidas a demanda provocou unha elevación do seu prezo medio e, en consecuencia, os ingresos procedentes da facturación aumentaron; así, con preto de mil toneladas menos traídas á lonxa xeráronse dous millóns e medio de euros máis.

Bivalvos

Ameixa fina (CTG) presenta os mellores resultados en cantidades dos últimos cinco anos, en cambio os ingresos non mantiveron esta tendencia situándose por baixo dos 16 millóns de euros, destaca o feito que o prezo medio deste produto situouse por baixo dos 20,00€/quilo, seguindo a tendencia de descenso acumulado durante estes últimos anos. A ría de Arousa (Zona III) concentra o 64,12% do total de quilos vendidos en Galicia, O Grove seguido de A Illa e de Cambados son os lugares, xunto coa lonxa de Noia, onde máis se captura e se vende esta especie. O 58,54% desta ameixa é facturada polos titulares de permisos para o marisqueo a pé, o 41,46% restante é facturado polas embarcacións con permiso para marisqueo.

Para a ameixa xaponesa (CLJ) as vendas situáronse por debaixo das dúas mil toneladas que se superaron no ano 2008; o mesmo sucede cos ingresos que son inferiores aos do ano anterior. O descenso destes dous parámetros provoca que o prezo medio sexa inferior aos sete euros por quilo. A ría de Arousa (Zona III) concentra o 63,78% dos quilos vendidos en toda Galicia por valor de 8.650.864 €; case o setenta por cento da ameixa xaponesa vendida é procedente do marisqueo a pé cun prezo medio anual de 7,27€/quilo, a cantidade restante procede do marisqueo desde embarcación a un prezo medio anual de 6,89€/quilo.

O berberecho (COC) alcanza o mellor prezo medio dos últimos anos. As principais zonas de produción, Muros (zona IV) e Arousa (zona III), soportan o maior impacto do descenso das cantidades. En canto aos importes, atopamos que as dúas zonas citadas acumulan unha caída de 4,7 millóns de euros con respecto ao 2008, compensada lixeiramente polas subas no resto das zonas produtoras, principalmente ría de Vigo (zona I), ría de Pontevedra (zona II) e Costa da Morte (zona VI). A achega de berberecho repártese por igual entre o marisqueo a pé e o marisqueo desde embarcación; non sucede o mesmo en canto á xeración de ingresos, así o marisqueo a pé ingresa preto do 60% a un prezo medio anual de 4,91 €/quilo e o marisqueo desde embarcación ingresa o corenta por cento restante a un prezo medio anual de 3,81€/quilo

Cefalópodos

O polbo (OCC) é o cefalópodo de maior interese para a frota de baixura. Esta especie estivo sometida a unha paralización temporal e os resultados que aquí se publican mostran que foi un ano difícil; as cantidades postas á venda non alcanzaron as 2.000 Tm. Os mellores resultados de vendas concentráronse no último trimestre con 775 ton e unha facturación de 3,6 millóns de euros. A lonxa de Ribeira, con preto das 350 Tm, é o lugar de maior importancia na comercialización desta especie e factura preto do 20% do total de ingresos xerados en Galicia. Esta especie estivo sometida a paro biolóxico nos meses de maio e xuño.

Crustáceos

O percebe (PCB) está nunha tendencia de descenso preocupante; o seu prezo medio anual situouse por baixo dos trinta euros (28,09€/quilo) o que supuxo unha perda de 3,08€/quilo, case un dez por cento, a este feito hai que sumarlle o descenso nas cantidades vendidas nas lonxas, o que provocou unha caída importante nos ingresos en preto de 2,4 millóns de euros. Agás Cedeira (Zona VIII) e A Mariña (Zona IX), o resto das zonas de Galicia presentaron descensos con respecto ao ano anterior. As principais zonas de produción Vigo (zona I), Arousa (zona III), Costa da Morte (zona VI) e A Coruña-Ferrol (Zona VII) soportaron a maior parte desta baixada; no caso de Cedeira, hai que sinalar que é unha lonxa atractiva para a venda de percebe e mariscadores doutras zonas prefiren trasladar a mercadoría ata esta lonxa para conseguir mellores prezos. Algo similar está a suceder na lonxa da Coruña, que atrae a produción procedente da Costa da Morte.

■ Especies más importantes en cantidade (kg) ■

	Orde	Nº días	kg	%	€	%	€/kg
Pescada	1	311	29.858.678	15,25%	88.113.824	20,86%	2,95
Xurelo	2	310	27.738.933	14,17%	21.847.400	5,17%	0,79
Xarda	3	152	24.209.423	12,37%	8.852.944	2,10%	0,37
Lirio	4	309	17.117.125	8,74%	10.952.010	2,59%	0,64
Xarda pintada	5	256	13.980.234	7,14%	4.827.399	1,14%	0,35
Sardiña	6	296	13.828.966	7,06%	12.537.632	2,97%	0,91
Rapantes	7	310	7.589.095	3,88%	27.394.426	6,49%	3,61
Peixe sapo	8	309	4.181.164	2,14%	21.595.733	5,11%	5,17
Castañeta	9	277	4.159.135	2,12%	8.435.737	2,00%	2,03
Mendo limón	10	240	3.730.332	1,91%	9.371.397	2,22%	2,51
Congro	11	308	3.635.769	1,86%	6.685.005	1,58%	1,84
Berberecho	12	262	3.255.329	1,66%	14.017.600	3,32%	4,31
Pota pequena	13	309	2.803.213	1,43%	3.503.250	0,83%	1,25
Quenlla	14	212	2.583.019	1,32%	3.467.288	0,82%	1,34
Bonito do norte	15	132	2.304.353	1,18%	9.345.791	2,21%	4,06
Xuliana	16	310	2.249.861	1,15%	10.719.972	2,54%	4,76
Coreano	17	197	1.987.726	1,02%	5.026.732	1,19%	2,53
Polbo	18	290	1.987.235	1,01%	9.786.944	2,32%	4,92
Ameixa xaponesa	19	264	1.951.499	1,00%	13.459.728	3,19%	6,90
Sanmartiño	20	309	1.922.819	0,98%	7.552.580	1,79%	3,93

■ Comparativa das especies máis importantes en cantidade no 2009 e 2008 ■

	2009		2008		Diferenza 2009-2008		% Diferenza 2009-2008	
	kg	€	kg	€	kg	€	kg	€
Pescada	29.858.678	88.113.824	26.438.956	98.267.828	3.419.722	-10.154.004	12,93%	-10,33%
Xurelo	27.738.933	21.847.400	24.258.759	19.870.651	3.480.174	1.976.749	14,35%	9,95%
Xarda	24.209.423	8.852.944	16.141.183	8.258.121	8.068.240	594.823	49,99%	7,20%
Lirio	17.117.125	10.952.010	12.838.086	11.424.839	4.279.038	-472.829	33,33%	-4,14%
Xarda pintada	13.980.234	4.827.399	8.810.940	3.144.844	5.169.294	1.682.555	58,67%	53,50%
Sardiña	13.828.966	12.537.632	15.021.764	9.759.050	-1.192.798	2.778.582	-7,94%	28,47%
Rapantes	7.589.095	27.394.426	6.437.192	28.973.448	1.151.903	-1.579.021	17,89%	-5,45%
Peixe sapo	4.181.164	21.595.733	4.281.619	23.888.350	-100.456	-2.292.617	-2,35%	-9,60%
Castañeta	4.159.135	8.435.737	3.583.271	6.384.379	575.864	2.051.358	16,07%	32,13%
Mendo limón	3.730.332	9.371.397	2.879.999	8.754.004	850.333	617.393	29,53%	7,05%
Congro	3.635.769	6.685.005	3.025.348	6.103.212	610.421	581.793	20,18%	9,53%
Berberecho	3.255.329	14.017.600	5.024.412	17.865.392	-1.769.083	-3.847.792	-35,21%	-21,54%
Pota pequena	2.803.213	3.503.250	3.729.175	4.397.981	-925.962	-894.730	-24,83%	-20,34%
Quenlla	2.583.019	3.467.288	1.806.601	2.662.000	776.418	805.288	42,98%	30,25%
Bonito do norte	2.304.353	9.345.791	1.945.384	6.932.462	358.969	2.413.329	18,45%	34,81%
Xuliana	2.249.861	10.719.972	1.993.448	10.415.452	256.414	304.520	12,86%	2,92%
Coreano	1.987.726	5.026.732	1.520.473	5.407.580	467.252	-380.848	30,73%	-7,04%
Polbo	1.987.235	9.786.944	3.239.695	15.824.725	-1.252.461	-6.037.781	-38,66%	-38,15%
Ameixa xaponesa	1.951.499	13.459.728	2.261.904	18.009.804	-310.405	-4.550.076	-13,72%	-25,26%
Sanmartiño	1.922.819	7.552.580	1.552.098	7.747.330	370.721	-194.750	23,89%	-2,51%

■ Especies más importantes en importe (€) ■

	Orde	Nº días	kg	%	€	%	€/kg
Pescada	1	311	29.858.678	15,25%	88.113.824	20,86%	2,95
Rapantes	2	310	7.589.095	3,88%	27.394.426	6,49%	3,61
Xurelo	3	310	27.738.933	14,17%	21.847.400	5,17%	0,79
Peixe sapo	4	309	4.181.164	2,14%	21.595.733	5,11%	5,17
Ameixa fina	5	271	826.311	0,42%	15.899.698	3,76%	19,24
Ameixa babosa	6	257	1.178.783	0,60%	14.603.809	3,46%	12,39
Berberecho	7	262	3.255.329	1,66%	14.017.600	3,32%	4,31
Ameixa xaponesa	8	264	1.951.499	1,00%	13.459.728	3,19%	6,90
Sardiña	9	296	13.828.966	7,06%	12.537.632	2,97%	0,91
Lirio	10	309	17.117.125	8,74%	10.952.010	2,59%	0,64
Xuliana	11	310	2.249.861	1,15%	10.719.972	2,54%	4,76
Polbo	12	290	1.987.235	1,01%	9.786.944	2,32%	4,92
Mendo limón	13	240	3.730.332	1,91%	9.371.397	2,22%	2,51
Bonito do norte	14	132	2.304.353	1,18%	9.345.791	2,21%	4,06
Xarda	15	152	24.209.423	12,37%	8.852.944	2,10%	0,37
Percebe	16	279	306.147	0,16%	8.599.398	2,04%	28,09
Castañeta	17	277	4.159.135	2,12%	8.435.737	2,00%	2,03
Cigala	18	294	647.609	0,33%	8.275.181	1,96%	12,78
Sanmartiño	19	309	1.922.819	0,98%	7.552.580	1,79%	3,93
Congro	20	308	3.635.769	1,86%	6.685.005	1,58%	1,84

■ Comparativa das especies máis importantes en importe no 2009 e 2008 ■

	2009		2008		Diferenza 2009-2008		% Diferenza 2009-2008	
	kg	€	kg	€	kg	€	kg	€
Pescada	29.858.678	88.113.824	26.438.956	98.267.828	3.419.722	-10.154.004	12,93%	-10,33%
Rapantes	7.589.095	27.394.426	6.437.192	28.973.448	1.151.903	-1.579.021	17,89%	-5,45%
Xurelo	27.738.933	21.847.400	24.258.759	19.870.651	3.480.174	1.976.749	14,35%	9,95%
Peixe sapo	4.181.164	21.595.733	4.281.619	23.888.350	-100.456	-2.292.617	-2,35%	-9,60%
Ameixa fina	826.311	15.899.698	781.231	16.928.621	45.080	-1.028.922	5,77%	-6,08%
Ameixa babosa	1.178.783	14.603.809	1.113.144	13.216.454	65.639	1.387.355	5,90%	10,50%
Berberecho	3.255.329	14.017.600	5.024.412	17.865.392	-1.769.083	-3.847.792	-35,21%	-21,54%
Ameixa xaponesa	1.951.499	13.459.728	2.261.904	18.009.804	-310.405	-4.550.076	-13,72%	-25,26%
Sardiña	13.828.966	12.537.632	15.021.764	9.759.050	-1.192.798	2.778.582	-7,94%	28,47%
Lirio	17.117.125	10.952.010	12.838.086	11.424.839	4.279.038	-472.829	33,33%	-4,14%
Xuliana	2.249.861	10.719.972	1.993.448	10.415.452	256.414	304.520	12,86%	2,92%
Polbo	1.987.235	9.786.944	3.239.695	15.824.725	-1.252.461	-6.037.781	-38,66%	-38,15%
Mendo limón	3.730.332	9.371.397	2.879.999	8.754.004	850.333	617.393	29,53%	7,05%
Bonito do norte	2.304.353	9.345.791	1.945.384	6.932.462	358.969	2.413.329	18,45%	34,81%
Xarda	24.209.423	8.852.944	16.141.183	8.258.121	8.068.240	594.823	49,99%	7,20%
Percebe	306.147	8.599.398	352.661	10.993.874	-46.514	-2.394.476	-13,19%	-21,78%
Castañeta	4.159.135	8.435.737	3.583.271	6.384.379	575.864	2.051.358	16,07%	32,13%
Cigala	647.609	8.275.181	694.538	10.667.755	-46.929	-2.392.575	-6,76%	-22,43%
Sanmartiño	1.922.819	7.552.580	1.552.098	7.747.330	370.721	-194.750	23,89%	-2,51%
Congro	3.635.769	6.685.005	3.025.348	6.103.212	610.421	581.793	20,18%	9,53%



LONXAS

Tal como xa se comentou na introdución, ao longo deste ano tiveron lugar cambios na relación de establecementos que se presentan neste anuario; así, decidiuse xuntar baixo a mesma denominación algún dos establecementos de primeira venda (vendedurías) que realizaban a actividade na mesma lonxa; isto permite presentar a información de xeito moi agrupado e resolve algunhas das dúbidas que nos transmiten os usuarios deste libro. A partir de agora cando se realicen consultas sobre evolución de datos débese procurar revisar ben o agrupamento; deste xeito no porto de Vigo agrupáronse todas as casas vendedoras baixo a denominación de lonxa de Vigo, isto mesmo tamén se realizou para a lonxa de Marín.

Como en edicións anteriores, establecéronse dous grupos da vinte primeiras lonxas por cantidades vendidas e por facturación. A continuación comentamos o ocorrido durante 2009.

Prelación de lonxas segundo as cantidades vendidas:

A relación das lonxas polas cantidades é moi similar á de anos anteriores, e así pódense establecer una serie de estratos:

- Grupo I: son aquelas lonxas que superan as vinte mil toneladas de produtos pesqueiros comercializados. Está composto polas lonxas do porto de Vigo, Ribeira, A Coruña, Burela e Celeiro. Estas lonxas caracterízanse por recibir frotas que se dedican á pescada, principalmente en caladoiros da UE; ao xurelo, ao lirio e á xarda pola frota de arrastre de litoral. No caso de Vigo, ademais, recibe volumes importantes doutras especies como os rapantes, o mendo limón e o peixe sapo.
- Grupo II: son aquelas lonxas que comercializan máis de dúas mil toneladas; son un total de catro lonxas que teñen en común recibir especies peláxicas procedentes da frota de cerco. Tanto Cambados como Muros tamén presentan unha importante actividade de venda de moluscos bivalvos.
- Grupo III: son aquelas lonxas que comercializan máis de mil toneladas; son un total de sete lonxas nas que segue a predominar a venda de especies peláxicas. Hai dúas situacións interesantes para comentar; por un lado, está a lonxa de Marín con tradición na venda de peixe de frotas de litoral e incluso de altura, mais nos últimos anos estase producindo un desprazamento da mercadoría cara ao porto de Vigo, e incluso parte da frota xa desembarca directamente neste último porto; a outra situación interesante é a lonxa de Noia, maioritariamente comercializa moluscos bivalvos do marisqueo. As épocas de extracción de bivalvos está limitada aos tres primeiros e os tres últimos meses do ano prodúcese unha comercialización que supera as mil toneladas.

- Grupo IV: son o resto de lonxas que realizan actividade comercial e que está formada polas establecementos de primeira venda restantes. Neste grupo xa aparecen distintos modelos de actividade, a maioría basean a súa actividade na venda de produtos do marisqueo, completado con especies procedentes da frota artesanal, que ademais en moitos casos oferta os seus produtos en períodos moi concretos nos que estás autorizadas as capturas de especies.

Prelación das lonxas segundo os importes de facturación:

Se continuamos co criterio de agrupar por niveis de facturación, teríamos os seguintes grupos:

- Grupo I: lonxas que superan os trinta millóns de euros. Coinciden coas lonxas citadas no primeiro grupo de cantidades, hai unha modificación na orde de clasificación, que afecta á lonxa de Ribeira que presenta o prezo medio de produtos máis baixo do grupo.
- Grupo II: lonxas que superan os cinco millóns de euros. Son sete lonxas, e a maior parte delas basean a súa actividade na comercialización de bivalvos e débese destacar nalgunha delas os altos prezos medios dos produtos que superan os oito euros, ademais na Illa de Arousa débese ter en conta a chegada da venda do camarón.
- Grupo III: lonxas que facturan máis dun millón de euros. Son vinte e unha, repartidas por todo o litoral. Neste grupo podemos encontrar lonxas que centran a súa actividade nos bivalvos como Cabo de Cruz, A Pobra do Caramiñal, Campelo e Moaña; outras que teñen unha importante chegada grazas ao percebe como Baiona, Aguiño e Cangas; finalmente o resto do conxunto que presentan unha variada oferta de produtos.
- Grupo IV: lonxa que facturan menos de un millón de euros. Son un total de vinte e oito establecementos, a gran maioría destas lonxas basean a súa actividade no marisqueo de bivalvos e o resto teñen unha oferta de cefalópodos, peixes e crustáceos moi variada.

As primeiras análises dos documentos de transporte emitidos a través das aplicacións telemáticas da Plataforma tecnolóxica da pesca amósannos que moitas das lonxas dos grupos III e IV emiten con regularidade documentos de transporte con destino ás lonxas do grupo I. En próximas edicións procurarase presentar información sobre os desprazamentos dos produtos pesqueiros entre as lonxas de Galicia.

■ Lonxas máis importantes en cantidade (kg) ■

	Orde	Nº días	kg	%	€	%	€/kg
Vigo	1	302	39.274.585	20,06%	105.278.828	24,93%	2,68
Ribeira	2	257	38.203.595	19,51%	38.214.775	9,05%	1,00
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	3	311	37.283.516	19,04%	75.320.746	17,83%	2,02
Burela	4	259	25.270.360	12,91%	48.185.130	11,41%	1,91
Celeiro	5	296	21.066.834	10,76%	40.246.137	9,53%	1,91
Portosín	6	233	7.306.119	3,73%	4.796.957	1,14%	0,66
Camariñas	7	247	2.675.029	1,37%	3.852.866	0,91%	1,44
Muros	8	252	2.494.071	1,27%	3.818.872	0,90%	1,53
Cambados	9	253	2.421.774	1,24%	7.830.467	1,85%	3,23
Portonovo	10	252	1.957.339	1,00%	2.439.192	0,58%	1,25
Malpica	11	246	1.800.663	0,92%	3.880.066	0,92%	2,15
Marín	12	256	1.669.064	0,85%	4.252.596	1,01%	2,55
Sada	13	189	1.356.354	0,69%	927.789	0,22%	0,68
Cariño	14	240	1.302.186	0,67%	1.610.851	0,38%	1,24
Rianxo	15	243	1.040.571	0,53%	5.636.731	1,33%	5,42
Noia	16	87	1.003.142	0,51%	8.611.109	2,04%	8,58
O Grove	17	277	918.106	0,47%	7.366.472	1,74%	8,02
Cedeira	18	250	898.401	0,46%	5.777.900	1,37%	6,43
Bueu	19	252	892.591	0,46%	2.906.614	0,69%	3,26
Carril	20	241	877.272	0,45%	5.228.247	1,24%	5,96

■ Comparativa das lonxas máis importantes en cantidade no 2009 e 2008 ■

	2009		2008		Diferenza 2009-2008		% Diferenza 2009-2008	
	kg	€	kg	€	kg	€	kg	€
Vigo	39.274.585	105.278.828	35.697.715	107.538.818	3.576.870	-2.259.990	10,02%	-2,10%
Ribeira	38.203.595	38.214.775	31.336.960	37.547.992	6.866.635	666.783	21,91%	1,78%
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	37.283.516	75.320.746	27.039.143	82.983.596	10.244.373	-7.662.850	37,89%	-9,23%
Burela	25.270.360	48.185.130	19.783.252	46.497.624	5.487.108	1.687.505	27,74%	3,63%
Celeiro	21.066.834	40.246.137	18.455.931	43.735.695	2.610.903	-3.489.559	14,15%	-7,98%
Portosín	7.306.119	4.796.957	9.769.444	5.217.715	-2.463.326	-420.758	-25,21%	-8,06%
Camariñas	2.675.029	3.852.866	2.824.175	3.954.816	-149.146	-101.950	-5,28%	-2,58%
Muros	2.494.071	3.818.872	3.251.457	4.782.455	-757.386	-963.584	-23,29%	-20,15%
Cambados	2.421.774	7.830.467	1.828.785	7.991.895	592.989	-161.428	32,43%	-2,02%
Portonovo	1.957.339	2.439.192	2.276.884	2.549.138	-319.545	-109.946	-14,03%	-4,31%
Malpica	1.800.663	3.880.066	1.369.528	3.801.732	431.135	78.335	31,48%	2,06%
Marín	1.669.064	4.252.596	2.346.599	5.317.800	-677.535	-1.065.204	-28,87%	-20,03%
Sada	1.356.354	927.789	1.708.075	1.159.724	-351.721	-231.936	-20,59%	-20,00%
Cariño	1.302.186	1.610.851	1.372.851	1.844.679	-70.665	-233.828	-5,15%	-12,68%
Rianxo	1.040.571	5.636.731	1.229.724	5.838.472	-189.153	-201.740	-15,38%	-3,46%
Noia	1.003.142	8.611.109	2.143.818	12.411.012	-1.140.676	-3.799.903	-53,21%	-30,62%
O Grove	918.106	7.366.472	996.564	8.127.114	-78.457	-760.642	-7,87%	-9,36%
Cedeira	898.401	5.777.900	1.048.581	7.332.777	-150.181	-1.554.877	-14,32%	-21,20%
Bueu	892.591	2.906.614	1.170.933	3.806.884	-278.342	-900.270	-23,77%	-23,65%
Carril	877.272	5.228.247	1.139.009	6.215.661	-261.737	-987.414	-22,98%	-15,89%

■ Lonxas máis importantes en importe (€) ■

	Orde	Nº días	kg	%	€	%	€/kg
Vigo	1	302	39.274.585	20,06%	105.278.828	24,93%	2,68
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	2	311	37.283.516	19,04%	75.320.746	17,83%	2,02
Burela	3	259	25.270.360	12,91%	48.185.130	11,41%	1,91
Celeiro	4	296	21.066.834	10,76%	40.246.137	9,53%	1,91
Ribeira	5	257	38.203.595	19,51%	38.214.775	9,05%	1,00
Noia	6	87	1.003.142	0,51%	8.611.109	2,04%	8,58
A Illa de Arousa	7	244	815.167	0,42%	8.170.250	1,93%	10,02
Cambados	8	253	2.421.774	1,24%	7.830.467	1,85%	3,23
O Grove	9	277	918.106	0,47%	7.366.472	1,74%	8,02
Cedeira	10	250	898.401	0,46%	5.777.900	1,37%	6,43
Rianxo	11	243	1.040.571	0,53%	5.636.731	1,33%	5,42
Carril	12	241	877.272	0,45%	5.228.247	1,24%	5,96
Portosín	13	233	7.306.119	3,73%	4.796.957	1,14%	0,66
Campelo	14	220	578.334	0,30%	4.464.673	1,06%	7,72
Marín	15	256	1.669.064	0,85%	4.252.596	1,01%	2,55
Malpica	16	246	1.800.663	0,92%	3.880.066	0,92%	2,15
Camariñas	17	247	2.675.029	1,37%	3.852.866	0,91%	1,44
Muros	18	252	2.494.071	1,27%	3.818.872	0,90%	1,53
Vilanova	19	239	409.541	0,21%	3.568.645	0,84%	8,71
Bueu	20	252	892.591	0,46%	2.906.614	0,69%	3,26

■ Comparativa das lonxas máis importantes en importe no 2009 e 2008 ■

	2009		2008		Diferenza 2009-2008		% Diferenza 2009-2008	
	kg	€	kg	€	kg	€	kg	€
Vigo	39.274.585	105.278.828	35.697.715	107.538.818	3.576.870	-2.259.990	10,02%	-2,10%
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	37.283.516	75.320.746	27.039.143	82.983.596	10.244.373	-7.662.850	37,89%	-9,23%
Burela	25.270.360	48.185.130	19.783.252	46.497.624	5.487.108	1.687.505	27,74%	3,63%
Celeiro	21.066.834	40.246.137	18.455.931	43.735.695	2.610.903	-3.489.559	14,15%	-7,98%
Ribeira	38.203.595	38.214.775	31.336.960	37.547.992	6.866.635	666.783	21,91%	1,78%
Noia	1.003.142	8.611.109	2.143.818	12.411.012	-1.140.676	-3.799.903	-53,21%	-30,62%
A Illa de Arousa	815.167	8.170.250	902.289	9.047.324	-87.123	-877.074	-9,66%	-9,69%
Cambados	2.421.774	7.830.467	1.828.785	7.991.895	592.989	-161.428	32,43%	-2,02%
O Grove	918.106	7.366.472	996.564	8.127.114	-78.457	-760.642	-7,87%	-9,36%
Cedeira	898.401	5.777.900	1.048.581	7.332.777	-150.181	-1.554.877	-14,32%	-21,20%
Rianxo	1.040.571	5.636.731	1.229.724	5.838.472	-189.153	-201.740	-15,38%	-3,46%
Carril	877.272	5.228.247	1.139.009	6.215.661	-261.737	-987.414	-22,98%	-15,89%
Portosín	7.306.119	4.796.957	9.769.444	5.217.715	-2.463.326	-420.758	-25,21%	-8,06%
Campelo	578.334	4.464.673	342.326	2.657.636	236.008	1.807.036	68,94%	67,99%
Marín	1.669.064	4.252.596	2.346.599	5.317.800	-677.535	-1.065.204	-28,87%	-20,03%
Malpica	1.800.663	3.880.066	1.369.528	3.801.732	431.135	78.335	31,48%	2,06%
Camariñas	2.675.029	3.852.866	2.824.175	3.954.816	-149.146	-101.950	-5,28%	-2,58%
Muros	2.494.071	3.818.872	3.251.457	4.782.455	-757.386	-963.584	-23,29%	-20,15%
Vilanova	409.541	3.568.645	545.848	4.485.022	-136.307	-916.377	-24,97%	-20,43%
Bueu	892.591	2.906.614	1.170.933	3.806.884	-278.342	-900.270	-23,77%	-23,65%



ACUICULTURA

Durante o ano 2009 a produción da acuicultura mariña en Galicia incrementouse en máis de 34.333.682 Tm con respecto ao ano 2008, superando así mesmo os valores alcanzados para 2007; non obstante, non hai un incremento parello nos ingresos xerados pola actividade, que practicamente non presentan variación con respecto ao ano anterior e seguen sendo inferiores aos de 2007. Esta circunstancia vén determinada polo comportamento do grupo biolóxico dos bivalvos, pois a pesar de ter incrementado un 17% a cantidade de quilos comercializados, experimenta un descenso do 8% nos importes facturados. No resto de grupos biolóxicos, soamente os peixes amosan unha produción crecente e cun valor económico en alza. Algas e cefalópodos, pola contra, diminúen a súa produción de xeito significativo, mais dado que a súa importancia no balance global é insignificante, apenas teñen influencia nos resultados totais.

Como xa é tradición, o cultivo do mexillón destaca por riba das outras actividades da acuicultura, representa o 95% do total das cantidades producidas con 225.000 Tm, situándose preto da media de produción anual do decenio 2000-2009. Cómpre destacar que 2009 non estivo afectado de xeito importante polas mareas vermellas, o que permitiu aos produtores realizar unha actividade máis regular, sen grandes paradas no proceso da colleita cara á comercialización. O reparto da produción por destino segue a tendencia do ano anterior, así o 61,69% do mexillón comercializouse con destino ao fresco, en tanto que o 38,31% restante tivo como destino a industria. Ata 2007 a produción de mexillón tiña un reparto de 2/3 industria e 1/3 para fresco; neste ano prodúcese un cambio, pasando a un reparto do 50, mais nestes dous últimos anos preséntase un cambio nos costumes da produción, diminuindo de xeito importante a produción con destino á industria e realizándose maiores vendas con destino a fresco.

Por outra, banda prodúcese un abaratamento no prezo medio do mexillón, que descende 0,07 euros por quilo no produto destinado a fresco e 0,01 euro no produto destinado a industria, o prezo medio anual do mexillón descende 0,05 euros o que representa un 11,55% con respecto a 2008. Os ingresos procedentes da actividade superan os 88 millóns de euros, o que representa un incremento do 5,45% sobre os valores do ano anterior.

Polo que respecta ás outras especies de bivalvos, tanto as ameixas como o berberecho diminúen considerablemente a súa produción. Débese destacar o descenso do berberecho, o comportamento irregular da produción desta especie vén sendo recollida na evolución dos últimos anos; así, se temos en conta o comportamento das capturas procedentes dos bancos naturais do contorno dos parques de Carril, detéctase unha caída similar.


En canto á ostricultura, destaca o incremento na produción de ostra rizada, pero cunha lixeira caída no seu prezo medio; ao contrario do que sucede para a ostra plana que mellora a súa cotización e presenta un lixeiro aumento na produción.

No grupo dos peixes débense destacar tres situacións: a primeira é a preponderancia do rodaballo como principal protagonista da acuicultura de peixes; a segunda é a consolidación da produción de linguado e ollomol; e a terceira a presenza de novas experiencias cos salmónidos, especies que tiñan desaparecido como obxectivo da acuicultura mariña en Galicia.

O rodaballo incrementa a súa produción anual, continuando o seu ritmo de crecemento dos últimos anos e superando a barreira das 7.000 Tm. Este incremento de produción viuse acompañado dun aumento do prezo medio con respecto ao ano 2008 de 0,80 euros por quilo, situándose claramente por riba dos sete euros, e como consecuencia xerando un volume de negocio de máis de 56 millón de euros, que representa un terzo do total de facturación da acuicultura mariña en Galicia.





■ Datos xerais de acuicultura mariña no 2009 ■

	kg	%	€	%	€/kg
Algas	3.200	0,00%	2.240	0,00%	0,70
Argazo real	3.200	0,00%	2.240	0,00%	0,70
Bivalvos	228.867.311	96,74%	109.383.269	65,29%	0,48
Ameixa babosa	248.713	0,11%	2.319.271	1,38%	9,33
Ameixa fina	201.515	0,09%	3.292.495	1,97%	16,34
Ameixa xaponesa	1.352.058	0,57%	7.876.625	4,70%	5,83
Berberecho	599.319	0,25%	2.229.111	1,33%	3,72
Mexillón	225.091.334	95,14%	88.684.866	52,94%	0,39
Mexillón (parques de cultivo)	10.111	0,00%	14.724	0,01%	1,46
Ostra plana	777.333	0,33%	4.180.286	2,50%	5,38
Ostra rizada	579.107	0,24%	765.113	0,46%	1,32
Volandeira	3.944	0,00%	12.450	0,01%	3,16
Zamburiña	3.879	0,00%	8.330	0,00%	2,15
Cefalópodos	8.785	0,00%	46.521	0,03%	5,30
Polbo	8.785	0,00%	46.521	0,03%	5,30
Peixes	7.701.215	3,26%	58.094.235	34,68%	7,54
Abadexo	418	0,00%	735	0,00%	1,76
Linguado	46.800	0,02%	463.646	0,28%	9,91
Ollomol	183.536	0,08%	1.414.948	0,84%	7,71
Robaliza	5.005	0,00%	25.399	0,02%	5,07
Rodaballo	7.433.742	3,14%	56.055.242	33,46%	7,54
Salmón	1.595	0,00%	3.243	0,00%	2,03
Troita común	30.120	0,01%	131.022	0,08%	4,35
TOTAL	236.580.512	100,00%	167.526.265	100,00%	0,71





■ Comparativa de acuicultura mariña no 2009 e 2008 ■

	2009		2008		Diferenza 2009-2008		% Diferenza 2009-2008	
	kg	€	kg	€	kg	€	kg	€
Algas	3.200	2.240	12.171	10.887	-8.971	-8.647	-73,71%	-79,43%
Argazo real	3.200	2.240	10.371	9.627	-7.171	-7.387	-69,14%	-76,73%
Golfo			1.800	1.260	-1.800	-1.260	-100,00%	-100,00%
Bivalvos	228.867.311	109.383.269	195.062.306	118.894.591	33.805.005	-9.511.322	17,33%	-8,00%
Ameixa babosa	248.713	2.319.271	529.173	4.678.395	-280.460	-2.359.124	-53,00%	-50,43%
Ameixa fina	201.515	3.292.495	370.676	6.645.714	-169.161	-3.353.220	-45,64%	-50,46%
Ameixa xaponesa	1.352.058	7.876.625	1.779.599	12.681.799	-427.541	-4.805.174	-24,02%	-37,89%
Berberecho	599.319	2.229.111	2.391.697	6.661.644	-1.792.379	-4.432.534	-74,94%	-66,54%
Mexillón	225.091.334	88.684.866	188.817.883	84.104.527	36.273.450	4.580.338	19,21%	5,45%
Mexillón (parques de cultivo)	10.111	14.724	13.146	17.725	-3.035	-3.001	-23,09%	-16,93%
Ostra plana	777.333	4.180.286	748.789	3.497.427	28.544	682.859	3,81%	19,52%
Ostra rizada	579.107	765.113	407.036	590.965	172.071	174.148	42,27%	29,47%
Volandeira	3.944	12.450	2.631	11.364	1.313	1.087	49,92%	9,56%
Zamburiña	3.879	8.330	1.676	5.030	2.203	3.300	131,44%	65,60%
Cefalópodos	8.785	46.521	28.417	162.788	-19.632	-116.266	-69,08%	-71,42%
Polbo	8.785	46.521	28.417	162.788	-19.632	-116.266	-69,08%	-71,42%
Peixes	7.701.215	58.094.235	7.143.935	48.346.178	557.280	9.748.057	7,80%	20,16%
Abadexo	418	735	6.414	23.999	-5.996	-23.264	-93,48%	-96,94%
Linguado	46.800	463.646	44.955	423.620	1.846	40.026	4,11%	9,45%
Ollomol	183.536	1.414.948	199.950	1.497.495	-16.414	-82.547	-8,21%	-5,51%
Robaliza	5.005	25.399	29.535	148.931	-24.530	-123.532	-83,05%	-82,95%
Rodaballo	7.433.742	56.055.242	6.863.081	46.252.133	570.660	9.803.109	8,31%	21,19%
Salmón	1.595	3.243			1.595	3.243		
Troita común	30.120	131.022			30.120	131.022		
TOTAL	236.580.512	167.526.265	202.246.830	167.414.444	34.333.682	111.821	16,98%	0,07%




■ Comparativa de acuicultura do mexillón no 2009 e 2008 ■

	2009	2008	Diferenza	% Diferenza
Cantidade (kg)	225.091.334	188.817.883	36.273.450	19,21%
Importe (€)	88.684.866	84.104.527	4.580.338	5,45%
Prezo medio (€/kg)	0,39	0,45	-0,05	-11,55%



■ Datos xerais da acuicultura do mexillón por destino no 2009 ■


	kg	%	€	%	€/kg
Fresco	138.863.437	61,69%	55.337.148	62,40%	0,40
Grande	25.336.651	11,26%	16.087.022	18,14%	0,63
Mediano	31.578.289	14,03%	14.587.659	16,45%	0,46
Pequeno	81.948.496	36,41%	24.662.468	27,81%	0,30
Industria	86.227.897	38,31%	33.347.718	37,60%	0,39
TOTAL	225.091.334	100,00%	88.684.866	100,00%	0,39




■ Comparativa da acuicultura do mexillón por destino no 2009 e 2008 ■

	2009		2008		Diferenza 2009-2008		% Diferenza 2009-2008	
	kg	€	kg	€	kg	€	kg	€
Fresco	138.863.437	55.337.148	120.642.757	56.978.369	18.220.680	-1.641.220	15,10%	-2,88%
Grande	25.336.651	16.087.022	26.163.747	17.980.488	-827.095	-1.893.467	-3,16%	-10,53%
Mediano	31.578.289	14.587.659	33.379.670	17.502.856	-1.801.381	-2.915.197	-5,40%	-16,66%
Pequeno	81.948.496	24.662.468	61.099.340	21.495.025	20.849.157	3.167.443	34,12%	14,74%
Industria	86.227.897	33.347.718	68.175.127	27.126.159	18.052.770	6.221.559	26,48%	22,94%
TOTAL	225.091.334	88.684.866	188.817.883	84.104.527	36.273.450	4.580.338	19,21%	5,45%

Fresco




Industria



■ Datos xerais da acuicultura do mexillón por distritos marítimos no 2009 ■


	kg	%	€	%	€/kg
Provincia Marítima A Coruña	15.586.297	6,92%	6.297.817	7,10%	0,40
Sada	8.084.858	3,59%	3.237.247	3,65%	0,40
Corme	152.400	0,07%	31.488	0,04%	0,21
Muros	5.802.455	2,58%	2.223.537	2,51%	0,38
Noia	1.546.586	0,69%	805.545	0,91%	0,52
Provincia Marítima Vilagarcía	154.467.626	68,62%	60.447.025	68,16%	0,39
Ribeira	7.551.130	3,35%	4.263.385	4,81%	0,56
Pobra do Caramiñal	51.696.270	22,97%	21.626.507	24,39%	0,42
Vilagarcía	33.346.378	14,81%	10.973.806	12,37%	0,33
O Grove	22.980.387	10,21%	8.704.351	9,81%	0,38
Cambados	38.893.460	17,28%	14.878.975	16,78%	0,38
Provincia Marítima Vigo	55.037.411	24,45%	21.940.024	24,74%	0,40
Portonovo	9.099.406	4,04%	3.647.827	4,11%	0,40
Bueu	5.981.314	2,66%	3.887.976	4,38%	0,65
Cangas	27.093.994	12,04%	10.488.289	11,83%	0,39
Vigo	3.094.145	1,37%	986.193	1,11%	0,32
Baiona	524.197	0,23%	168.252	0,19%	0,32
Redondela	9.244.355	4,11%	2.761.488	3,11%	0,30
TOTAL	225.091.334	100,00%	88.684.866	100,00%	0,39




■ Comparativa da acuicultura do mexillón por distritos marítimos no 2009 e 2008 ■

	2009		2008		Diferenza 2009-2008		% Diferenza 2009-2008	
	kg	€	kg	€	kg	€	kg	€
Provincia Marítima A Coruña	15.586.297	6.297.817	10.626.270	5.320.238	4.960.028	977.579	46,68%	18,37%
Sada	8.084.858	3.237.247	4.823.523	2.223.638	3.261.334	1.013.609	67,61%	45,58%
Corme	152.400	31.488	114.006	40.696	38.393	-9.208	33,68%	-22,63%
Muros	5.802.455	2.223.537	4.595.098	2.455.535	1.207.357	-231.998	26,27%	-9,45%
Noia	1.546.586	805.545	1.093.642	600.369	452.944	205.177	41,42%	34,18%
Provincia Marítima Vilagarcía	154.467.626	60.447.025	126.077.558	53.250.332	28.390.068	7.196.693	22,52%	13,51%
Ribeira	7.551.130	4.263.385	5.654.095	3.225.640	1.897.035	1.037.745	33,55%	32,17%
Pobra do Caramiñal	51.696.270	21.626.507	42.143.661	18.022.123	9.552.609	3.604.384	22,67%	20,00%
Vilagarcía	33.346.378	10.973.806	24.896.062	8.766.409	8.450.316	2.207.397	33,94%	25,18%
O Grove	22.980.387	8.704.351	22.504.955	10.601.376	475.432	-1.897.025	2,11%	-17,89%
Cambados	38.893.460	14.878.975	30.878.785	12.634.784	8.014.675	2.244.192	25,96%	17,76%
Provincia Marítima Vigo	55.037.411	21.940.024	52.114.056	25.533.957	2.923.355	-3.593.933	5,61%	-14,08%
Portonovo	9.099.406	3.647.827	8.576.985	4.103.397	522.421	-455.570	6,09%	-11,10%
Bueu	5.981.314	3.887.976	7.703.324	5.603.660	-1.722.010	-1.715.684	-22,35%	-30,62%
Cangas	27.093.994	10.488.289	25.715.853	12.086.144	1.378.141	-1.597.856	5,36%	-13,22%
Vigo	3.094.145	986.193	3.596.011	1.344.200	-501.866	-358.007	-13,96%	-26,63%
Baiona	524.197	168.252	379.608	173.104	144.589	-4.853	38,09%	-2,80%
Redondela	9.244.355	2.761.488	6.142.276	2.223.452	3.102.079	538.036	50,50%	24,20%
TOTAL	225.091.334	88.684.866	188.817.883	84.104.527	36.273.450	4.580.338	19,21%	5,45%


Provincia Marítima A Coruña



Provincia Marítima Vilagarcía





Provincia Marítima Vigo



■ Comparativa da acuicultura do rodaballo no 2009 e 2008 ■

	2009	2008	Diferenza	% Diferenza
Cantidade (kg)	7.433.742	6.863.081	570.660	8,31%
Importe (€)	56.055.242	46.252.133	9.803.109	21,19%
Prezo medio (€/kg)	7,54	6,74	0,80	11,89%



■ Comparativa da acuicultura do polbo no 2009 e 2008 ■

	2009	2008	Diferenza	% Diferenza
Cantidade (kg)	8.785	28.417	-19.632	-69,08%
Importe (€)	46.521	162.788	-116.266	-71,42%
Prezo medio (€/kg)	5,30	5,73	-0,43	-7,56%

